



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Dirección Xeral de Formación Profesional  
e Ensinanzas Especiais

Educación secundaria  
para persoas adultas



# Ámbito da comunicación

Módulo 4

Unidade didáctica 14

**A comunicación profesional**

# Índice

---

<b>1. Programación da unidade .....</b>	<b>3</b>
1.1 Encadramento da unidade no ámbito da comunicación .....	3
1.2 Presentación.....	3
1.3 Obxectivos didácticos .....	4
1.4 Contidos .....	4
1.5 Temporalización e actividades.....	5
1.6 Recursos didácticos.....	8
1.7 Avaliación .....	8
1.8 Bibliografía utilizada para a elaboración desta unidade didáctica .....	8
<b>2. Textos e secuencia de actividades .....</b>	<b>10</b>
 Texto 1: La entrevista profesional (aspectos teóricos) .....	10
 Texto 2: A carta comercial (aspectos teóricos).....	13
 Texto 3: Variedades geográficas de una lengua (aspectos teóricos) .....	17
 Texto 4: A solicitude e a instancia (aspectos teóricos).....	23
 Texto 5: La literatura romántica (aspectos teóricos).....	25
 Texto 6: O currículo persoal (aspectos teóricos) .....	31
 Texto 7: El teatro romántico (aspectos teóricos) .....	35
 Texto 8: Textos argumentativos na prensa: a columna, a carta ao director e o artigo de crítica (aspectos teóricos) .....	41
 Texto 9: Variedades xeográficas e sociais da lingua. Rexistros e niveis (aspectos teóricos).....	44
 Texto 10: La literatura realista (aspectos teóricos).....	47
 Texto 11: As palabras e os sintagmas (aspectos teóricos) .....	52
 Texto 12: La narrativa realista (textos y actividades) .....	55
 Texto 13: Sufijos derivativos (aspectos teóricos) .....	60
 Texto 14: Uso de las dos lenguas en Galicia .....	66
 Texto 15: As oracións compostas (aspectos teóricos) .....	69

# 1. Programación da unidade

## 1.1 Encadramento da unidade no ámbito da comunicación

Módulo 1	▪ Bloque 1	– Unidade 1 – Unidade 2
	▪ Bloque 2	– Unidade 3 – Unidade 4
Módulo 2	▪ Bloque 1	– Unidade 5 – Unidade 6
	▪ Bloque 2	– Unidade 7 – Unidade 8
Módulo 3	▪ Bloque 1	– Unidade 9 – Unidade 10
	▪ Bloque 2	– Unidade 11 – Unidade 12
Módulo 4	▪ <b>Bloque 1</b>	– Unidade 13 – <b>Unidade 14: A comunicación profesional</b>
	▪ Bloque 2	– Unidade 15 – Unidade 16

## 1.2 Presentación

O obxectivo do ámbito da comunicación é desenvolver a capacidade de comprender e de saber comunicarse nas diversas situacións e contextos da vida. A linguaxe ten un papel fundamental no desenvolvemento integral da persoa, nas súas relacións consigo mesma e nas súas relacións e posibilidades sociais e profesionais. É tamén o instrumento imprescindible para entender e explicar o mundo, e intentar a súa transformación.

Ao longo desta unidade facilitaráselle ao alumnado estratexias para a consecución da súa autonomía persoal e da súa capacidade para se integrar como compoñente pleno na sociedade, a través dun uso máis maduro da linguaxe, nomeadamente en contextos laborais.

Os contidos máis importantes desta unidade son os relativos ao perfeccionamento das técnicas de comprensión e composición de textos propios, especialmente dos que o alumnado debe usar nas súas relacións sociais e profesionais.

## 1.3 Obxectivos didácticos

- Participar activamente en situacións de comunicación reais ou simuladas para transmitir expresións e argumentos, respectando as normas da interacción oral organizada.
- Desenvolver habilidades de comunicación asertiva.
- Participar en actividades de aprendizaxe compartida para fomentar estratexias de traballo cooperativo.
- Usar estratexias para a comprensión e a composición de textos usados nas relacións sociais.
- Planificar e compor textos coas características dos usados nos medios de comunicación.
- Dominar as normas de presentación dos traballos escritos, en soporte impreso ou dixital.
- Coñecer e usar os rexistros formal e coloquial segundo as circunstancias da situación comunicativa.
- Analizar o uso e o significado dos prefixos e dos sufixos en adxectivos e adverbios mediante a comparación e o contraste das linguas do ámbito.
- Distinguir entre forma e función das palabras.
- Recoñecer e valorar os fenómenos característicos das variedades xeográficas das linguas; valorar a función da lingua estándar nos medios de comunicación.
- Analizar o uso das dúas linguas oficiais en Galicia nos documentos profesionais e administrativos de uso frecuente.
- Ler, valorar e identificar nas obras as características de novelas e relatos curtos do século XIX en lingua castelá.
- Facer lecturas dramatizadas de pezas ou fragmentos da literatura castelá do século XIX.
- Desenvolver a autonomía lectora e o aprecio pola literatura como fonte de pracer.

## 1.4 Contidos

<ul style="list-style-type: none"><li>▪ <b>Comunicación oral</b></li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>– Participación en situacións de comunicación reais ou simuladas (entrevistas de traballo, etc.) onde se transmita información e se expresen opinións, ofrecendo argumentos e respectando as normas que rexen a interacción oral organizada.</li><li>– Desenvolvemento de habilidades de comunicación asertiva, en especial á hora de rexeitar peticións e propostas, cando sexa conveniente.</li><li>– Participación en actividades de aprendizaxe compartida para fomentar estratexias de traballo cooperativo, diálogo e respecto.</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ <b>Comunicación escrita</b></li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>– Uso de estratexias (utilizar modelos ou textos de referencia, seleccionar fórmulas lingüísticas, marcar palabras clave ou estruturas gramaticais, etc.) para a comprensión de textos propios das relacións sociais como disposicións legais e folletos, contratos ou correspondencia institucional ou comercial, e ofertas de emprego.</li><li>– Composición de textos propios das relacións laborais (solicitudes e instancias, reclamacións, currículos, contratos, etc.).</li><li>– Composición de textos propios dos xéneros dos medios de comunicación, como cartas ao director, etc., en soporte impreso ou dixital.</li><li>– Dominio das normas de presentación dos textos escritos citados, tanto en soporte impreso como dixital, e respecto polas normas gramaticais, ortográficas e tipográficas, consultando regras de gramática e de ortografía correcta, e dicionarios en liña.</li></ul>

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>Coñecemento da lingua</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Coñecemento dos rexistros formal e coloquial, e dos factores que inciden no uso da lingua en diversos ámbitos sociais, e valoración da importancia de usar o rexistro acaído segundo as circunstancias da situación comunicativa.</li> <li>– Recoñecemento e uso coherente da correlación temporal na coordinación e na subordinación de oracións e no discurso relatado (paso de estilo directo a indirecto).</li> <li>– Análise e reflexión sobre o uso e o significado de prefixos e sufixos en adxectivos e adverbios, mediante comparación e contraste entre as linguas do ámbito.</li> <li>– Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (categoría sintáctica).</li> <li>– Coñecemento e uso reflexivo das normas ortográficas (uso de dicionarios en liña) empregando os termos apropiados na explicación sobre o seu uso (sílabas tónicas, til diacrítico, etc.), e apreciando o seu valor social e a necesidade de cinguirse á norma lingüística.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>Lingua e sociedade</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Recoñecemento e valoración dos principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas das linguas e da función da lingua estándar (medios de comunicación).</li> <li>– Comprensión e análise do uso das dúas linguas oficiais en Galicia nos documentos profesionais e administrativos de uso frecuente.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>Educación literaria</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Lectura de novelas e relatos do século XIX en lingua castelá.</li> <li>– Identificación das características xerais dos grandes períodos da historia da literatura do século XIX (Romanticismo e Realismo) en textos da época.</li> <li>– Lectura dramatizada de breves pezas teatrais ou de fragmentos da literatura en castelán do século XIX, de carácter diverso, constatando algunhas innovacións nos temas (fatalidade, soidade, tempo, crítica social, etc.) e nas formas (acoutamentos, códigos visuais, efectos sonoros, etc.).</li> <li>– Desenvolvemento da autonomía de lectura e aprecio pola literatura como fonte de pracer.</li> </ul>

## 1.5 Temporalización e actividades

### Temporalización

16 períodos lectivos divididos en catro semanas.

- 1ª semana: desde a primeira ata a cuarta sesión.
- 2ª semana: desde a quinta ata a oitava sesión.
- 3ª semana: desde a novena ata a décimo segunda sesión.
- 4ª semana: desde a décimo terceira ata a décimo sexta sesión.

### Actividades

En todas as sesións, o profesorado prestaralles atención aos traballos que realice o alumnado para que se cumpran os requisitos mínimos de presentación coidada, cun uso adecuado dos signos de puntuación.

Débase dirixir sempre o alumnado cara aos dicionarios cando xurdan dúbidas, ben para comprobar os significados ou a ortografía dunha palabra, ou ben para corrixir e avaliar un traballo propio. É moi importante que o alumnado adquira o hábito da consulta habitual de dicionarios impresos e dixitais.

- **1ª sesión: en castelán.**
  - Presentación por parte do profesor ou da profesora da unidade didáctica, os seus elementos e o modo en que se levará a cabo. Faranse as indicacións precisas para a realización das actividades, xa que formarán parte da avaliación do alumnado.
  - Entregaranse fotocopias do texto 1 e indicarse que se debe ler e facer unha valoración persoal. Realizaranse despois as actividades propostas para o texto, onde o im-

portante é o coñecemento deste tipo de textos orais e escritos, algunhas das súas características e a capacidade do alumnado para os elaborar.

- É importante a actividade oral do grupo, que se sexa capaz de manter o respecto ante as opinións dos demais e de seguir unhas normas básicas na expresión oral. Tamén é significativo o uso dos computadores para procurar en internet entrevistas simuladas para a adquisición de habilidades lingüísticas e sociais, polo que será imprescindible dispor deles na aula ou ter acceso á aula de informática nesta sesión.
- **2ª sesión:** *en galego.*
  - Entregaranse copias do texto 2 e explicaranse as cuestións teóricas que se consideren oportunas ata que se entendan as diferenzas entre os textos usados nas relacións laborais e o alumnado poida realizar as actividades propostas.
- **3ª sesión:** *en castelán.*
  - Entregaranse copias do texto 3. O importante neste texto é recoñecer as variedades xeográficas da lingua castelá. Danse esquemas sinxelos para que o alumnado sexa quen de recoñecer algunhas das características lingüísticas das rexións peninsulares. Despois realizaranse as actividades propostas. Seguramente o texto é máis longo do que corresponde a unha sesión e non se poderán realizar todas as actividades; todas aquelas que non se poidan realizar quedarán como actividades de ampliación e reforzo.
  - O profesorado terá coidado de corrixir constantemente as actividades escritas para evitar erros, e invitará o alumnado á autocorrección e á autoavaliación.
- **4ª sesión:** *en galego.*
  - Entregaranse copias do texto 4. O alumnado poderá traballar nel con outros modelos de textos propios das relacións laborais. Inténtase con eles a adquisición de estratexias, como utilizar modelos, usar palabras clave, estruturas gramaticais, etc., para a comprensión e a composición deste tipo de textos.
- **5ª sesión:** *en castelán.*
  - Entregaranse copias do texto 5, **en** que se traballa unha etapa da literatura española: o romanticismo, as súas características e os xéneros literarios máis usados na época. As actividades tratan de aplicar a información estudada aos textos.
- **6ª sesión:** *en galego.*
  - Entregaranse copias do texto 6, que continúa o traballo con textos propios das relacións sociais e laborais e coa adquisición de estratexias para os comprender e os redactar, aspecto este moi importante para o alumnado adulto, que xa está inmerso no mundo laboral. O alumnado intentará despois realizar as actividades propostas, relacionadas coa elaboración de currículos.
  - Terase coidado de corrixir constantemente as actividades escritas para evitar erros, e invitarase o alumnado á autocorrección e á autoavaliación. Ao profesorado correspóndelle a tarefa de dirixir a actividade e supervisar o traballo do alumnado co computador para que, en caso de xurdiren dificultades, se poidan superar.
- **7ª sesión:** *en castelán.*
  - Repartiranse copias do texto 7. O traballo fundamental consiste na identificación, en distintos fragmentos de teatro romántico, das innovacións no tema e na utilización das formas: acoutamentos, códigos visuais, efectos sonoros, etc. A lectura de fragmentos breves porá o alumnado adulto en contacto cunha época e cun xénero que lle resulta arredado da súa época e da súa sensibilidade, pero que non por iso debe resultar menos atractivo.
  - Como este texto é moi longo, o traballo con el repartirase entre esta sesión e a 9.

- **8ª sesión:** *en galego*.
  - Entregaranse copias do texto 8. Trabállase con textos argumentativos: xéneros xornalísticos de opinión, como son as cartas ao director e as columnas. As actividades consisten no recoñecemento e na comprensión deste tipo de textos, e na creación por parte do alumnado de textos seguindo ese modelo. Trabállase tamén nesta sesión con aspectos relacionados coa presentación de escritos, como a composición do texto, o tipo de letra, as marxes, etc.
- **9ª sesión:** *en castelán*.
  - Nesta sesión continúaase coas actividades iniciadas na sétima sobre o teatro romántico. É importante que se lle entreguen ao alumnado copias dos textos con anterioridade para que os fragmentos incluídos se poidan ler na casa varias veces antes de facer a lectura na aula. Se for posible, cumpriría aprender de memoria o papel que lle corresponda a cadaquén, e facer unha representación teatral na clase; ha resultar máis divertido.
- **10ª sesión:** *en galego*.
  - Nesta sesión entregaranse copias do texto 9, onde se tratan, de xeito teórico e práctico, os rexistros da lingua e os factores que inciden no seu uso nos distintos ámbitos sociais. O alumnado chegará a valorar a importancia de usar o rexistro acaído segundo as circunstancias de comunicación.
- **11ª sesión:** *en castelán*.
  - Traballarase nesta sesión co texto 10. Abórdase nel o realismo do século XIX, as súas características máis salientables e os principais autores. As actividades teñen que ver co recoñecemento e a identificación das características estudadas nos fragmentos reproducidos de obras literarias.
- **12ª sesión:** *en galego*.
  - Entregaranse copias do texto 11, en que se traballan aspectos gramaticais, como a agrupación das palabras en sintagmas, os principais sintagmas que compoñen a oración (SN e SV) e a súa aplicación na análise sintáctica das oracións. Un obxectivo fundamental desta sesión é que o alumnado adulto descubra a distinción entre forma (categoría) e función (sintaxe) das palabras.
- **13ª sesión:** *en castelán*.
  - Entregaranse copias do texto 12. Nel achéganselle ao alumnado fragmentos de obras características da narrativa realista. Trátase de que se identifiquen as características propias destes textos e as do período literario a que pertencen e, ao mesmo tempo, recibir información sobre a época e a sociedade en que naceron.
- **14ª sesión:** *en galego*.
  - Traballo co texto 13, onde se aborda o estudo dos sufixos derivativos como método de formación de palabras novas. Reflexionárase sobre o uso e o significado de prefixos e sufixos en substantivos, adxectivos, verbos e adverbios, mediante a comparación e o contraste entre as linguas do ámbito.
- **15ª sesión:** *en castelán*.
  - Traballo co texto 14, onde se presentan algúns textos extraídos de internet, que servirán para reflexionar sobre o uso das dúas linguas da comunidade autónoma nos documentos administrativos. O alumnado realizará un traballo de procura de información en internet, así como de análise e aplicación da información obtida.
- **16ª sesión:** *en galego*.
  - Entregaranse copias do texto 15. Abórdanse outra vez aspectos de tipo gramatical: oracións compostas e os seus tipos, nexos que as unen e algúns procedementos prác-

ticos para recoñecer as máis importantes. As actividades versan sobre o recoñecemento deste tipo de oracións, a transformación de oracións simples en compostas e viceversa. Abordarase igualmente a transformación do estilo directo en indirecto e o recoñecemento da correlación temporal na coordinación e na subordinación.

## 1.6 Recursos didácticos

Na unidade didáctica xa están incluídos os textos sobre os que se vai traballar. É imprescindible fotocopiar todos os textos necesarios e as actividades relativas a cada texto, e levalas á aula antes de comezar cada sesión.

- É imprescindible que na aula haxa xornais, revistas e outros materiais especializados e non especializados, en lingua galega e en lingua castelá, para que o alumnado os poida manipular, traballar sobre eles e revisalos cando cumpra.
- É tamén imprescindible a existencia de computadores con acceso a internet.
- É moi importante que na aula haxa dicionarios en galego e en castelán para solucionar as dúbidas de vocabulario que puidesen xurdir e, na medida do posible, acceso a dicionarios virtuais para resolver dúbidas cando se traballe co computador.
- É necesario algún gravador na aula para algunhas actividades.

## 1.7 Avaliación

Nesta unidade didáctica a avaliación é parte integrante do proceso de ensino e aprendizaxe. As propias actividades tomaranse como referencia para a avaliación do alumnado, xa que para as realizar cómpre o uso de estratexias e instrumentos dos que o profesor ou a profesora poden extraer conclusións.

A primeira sesión pode servir de avaliación inicial, así como os comentarios que se escoiten na aula con respecto aos contidos e os obxectivos da unidade didáctica.

Os aspectos procedementais avalíaranse a través da observación e a valoración das tarefas propostas nas actividades. Igualmente, a observación será fundamental para valorar a participación do alumnado nas actividades en grupo.

En todas as sesións programadas hai actividades que poden servir de reforzo ou ampliación, consonte as necesidades do alumnado.

## 1.8 Bibliografía utilizada para a elaboración desta unidade didáctica

- Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Xunta de Galicia. Educación secundaria a distancia para persoas adultas:
  - *Comunicación. Lingua Galega.*
  - *Comunicación. Os medios de comunicación social.*
  - *Comunicación. A comunicación literaria.*
  - *Comunicación. A lingua, instrumento de aprendizaxe.*
  - *Comunicación. A comunicación persoal e profesional.*
- VVAA. *Lingua galega e literatura; métodos, técnicas e estratexias.* 1º de ESO. Obradoiro-Santillana, 2000.

- VVAA. *Lingua galega e literatura*. Anaya.
  - 1º curso de secundaria. 2000.
  - 2º curso de secundaria. 2004.
  - 3º curso de secundaria. 2002.
  - 4º curso de secundaria. 2003.
- VVAA. *Lengua y Literatura*. Anaya
  - 1º curso. 2000
  - 2º curso. 2000
- VVAA. *Lengua y literatura*. Casals.
  - 3º curso. 2002
  - 4º curso. 2003
- VVAA. *Lengua castellana y literatura*. 1º Bach. Oxford Educación, 1998.
- Algúns textos utilizados na unidade didáctica xa teñen indicada a bibliografía ao pé.

## 2. Textos e secuencia de actividades



### Texto 1: La entrevista profesional (aspectos teóricos)

La entrevista de trabajo es la que realiza una empresa para seleccionar la persona idónea entre varios candidatos o candidatas para formar parte de su cuadro de personal.

#### Preparación de una entrevista de trabajo

Normalmente el personal especializado que realiza las entrevistas de trabajo parte de un cuestionario elaborado por lo que quien se presenta como candidato puede preparar previamente esa entrevista.

Si es posible, debemos informarnos sobre la empresa contratante y sobre el puesto laboral que se ofrece.

El candidato debe pensar qué preguntas le pueden hacer en relación con el puesto de trabajo y qué preguntas de tipo personal, para tener preparadas las respuestas que mejor se adapten a la imagen que se desea transmitir.

Generalmente en los cuestionarios de las entrevistas se incluye un bloque de preguntas relacionadas con la personalidad, como: ¿Cuál piensa usted que es su mejor cualidad? ¿Cuál cree que es su peor defecto? ¿Con qué palabra se definiría? etc. Hay que llevar preparadas las respuestas para no quedarse en blanco o tardar mucho en contestar.

Un método para aumentar la seguridad de la persona entrevistada es hacer un simulacro de la entrevista en casa. Pida a alguien que le haga preguntas como si fuese una entrevista real y vaya contestándolas, grábelas y después, escúchese. Es una buena ayuda para caer en la cuenta de los errores que se cometen: tartamudear, tardar en responder, dar respuestas monosílabas (*sí, puede, no...*), etc.

Debemos tener preparada una carta de presentación en la que demos a conocer los aspectos más importantes de nuestra capacidad académica y profesional, y en la que resaltemos los que tienen relación con el puesto de trabajo ofertado y la relación de la documentación que podamos necesitar.

También debemos llevar preparadas las preguntas que nos interese formular, ya que es frecuente que el entrevistador acabe diciéndonos si deseamos hacer alguna pregunta.

#### Comportamientos recomendables

Existen unos comportamientos recomendables comunes a todas las entrevistas de trabajo:

- La apariencia física debe mostrar pulcritud.
- Es necesario ser puntual y, a ser posible, llegar un poco antes.
- Debemos saludar y despedirnos cordialmente.
- Debemos dar una imagen relajada y de confianza.
- Debemos ser sinceros con nuestras capacidades y limitaciones.
- No debemos tutear al entrevistador o a la entrevistadora, a no ser que nos indique que lo hagamos.

- No debemos tomar la iniciativa a menos que nos lo pidan.
- No debemos vacilar en las respuestas.
- Las respuestas deben ser breves, pero no monosílabos.
- No debemos preguntar por la remuneración en la primera entrevista; esta cuestión se dejará para ocasiones posteriores y debe ser el entrevistador el que ofrezca este dato.
- Si se nos pregunta por nuestras pretensiones económicas no debemos dar una cantidad fija, sino hacer referencia a lo que se acostumbra a cobrar por desempeñar un puesto de trabajo de esas características.
- Debemos preguntar al final de la entrevista y antes de despedirnos cuándo consideran que tendrán los resultados de la selección.

## Cortesía

Además de una actividad comunicativa, la entrevista, como actividad de la lengua oral es una actividad social, regulada por normas que afectan a los participantes y se ven claramente en las fórmulas para romper el silencio: expresiones de saludo o preguntas para mostrar el interés del interlocutor. También se evidencian en el uso de ciertos códigos no verbales: reír, carraspear, estrechar la mano, palmear la espalda, acercarse al interlocutor para mostrar confianza... La cortesía está relacionada con el tipo de acto comunicativo.

▪ Actos que apoyan la cortesía	Saludar, invitar, felicitar, agradecer...
▪ Actos indiferentes a la cortesía	Informar, anunciar, afirmar...
▪ Actos que exigen un uso cuidadoso de la cortesía	Pedir, preguntar, mandar...
▪ Actos descorteses	Regañar, insultar, maldecir, amenazar...

Como es obvio, en una entrevista de trabajo debe evitarse cualquier acto descortés y cualquier gesto o ademán que implique una excesiva familiaridad (excesiva cercanía física, postura excesivamente relajada, ruidos desagradables, etc.).

Los datos que recoge la persona que hace la entrevista se anotan en fichas como esta:

Nombre: .....	Apellidos: .....	Edad: .....
Dirección: .....		Teléfonos de contacto: .....
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>Formación</b>            Historial académico:.....            Cursos de formación específica:.....</li> <li>▪ <b>Perfil profesional</b>            Experiencia profesional:.....            Aspectos relacionados con el tema (capacidad de relación, experiencia didáctica) .....</li> <li>▪ <b>Perfil personal</b>            Intereses y aficiones.....            Rasgos de carácter relacionados con el trabajo (paciencia, orden, responsabilidad...): .....</li> <li>▪ <b>Aspectos externos</b>            Aspecto externo: .....Facilidad de palabra: .....</li> <li>Otros: .....</li> </ul>		

Ya sabe que los textos periodísticos se caracterizan por: transmitir información de una manera inmediata, a través de una gran variedad de canales; llegar a casi todos los lugares; tratar gran variedad de temas, utilizando diversos géneros; orientar ideológicamente a los destinatarios; y estar sujetos a los intereses comerciales y a las leyes de mercado.

### **Secuencia de actividades**

- S1.** Busque en un periódico tres anuncios que ofrezcan distintos puestos de trabajo e invente las posibles preguntas que podría realizar la empresa contratante en la entrevista de trabajo.
  
- S2.** Hagan en el aula un simulacro de entrevista de trabajo. Divídanse en dos grupos, uno será el de las empresas que contratan y realizan las entrevistas y otro será el de las personas que buscan empleo. Realicen las entrevistas cubriendo los datos de la ficha que se ofrece como modelo. Cuando se acaben las entrevistas, se cambiarán los papeles y las personas entrevistadas harán de entrevistadoras.
  
- S3.** Busque en internet anuncios de trabajo y prepare las respuestas a las posibles preguntas de la persona entrevistadora.
  
- S4.** En las siguientes direcciones de internet hay simuladores de entrevistas de trabajo. Entre en ellos y realice las simulaciones:
  - [<http://www.edu.xunta.es/fp/orientacion/oripro.htm>]
  - [<http://www.educastur.es/>]
  - [<http://www.escuelas.consumer.es/>]



## Texto 2: A carta comercial (aspectos teóricos)

Carta comercial é calquera tipo de escrito que teña como obxectivo o intercambio de informacións relacionadas con actividades profesionais, económicas e mercantís.

A estrutura das cartas comerciais é moito máis rigorosa que a das cartas persoais; a redacción evita o uso de coloquialismos e utiliza a linguaxe administrativa (con fórmulas, abreviaturas, etc.).

Aquí ten un exemplo de carta comercial cos seus elementos:

Encabezamento	<p><b>ACSA Automática, S.A.</b> PERIS <b>Informática Equipamentos de Oficina</b> Rúa da Raiña, 7000 27001 Lugo Telefax 123 256 789</p> <p style="text-align: right;">Lugo, 13 de febreiro de 2009</p>										
Corpo	<p>Estimado cliente:</p> <p>Permitímonos lembrarlle que finalizou o período inicial do servizo de asistencia técnica concedida aos equipos que van no anexo.</p> <p>Para o seu coñecemento, comunicámoslle as novas tarifas de reparación actualizadas:</p> <table style="width: 100%;"><tr><td>Man de obra.....</td><td style="text-align: right;">30 euros (*)</td></tr><tr><td>Computadores e máquinas programables.....</td><td style="text-align: right;">50 euros.</td></tr><tr><td>Mínimo facturable por intervención.....</td><td style="text-align: right;">15 euros. (1/2 h.)</td></tr><tr><td>Desprazamento (mínimo ½ h.).....</td><td style="text-align: right;">15 euros.</td></tr><tr><td>Quilómetros.....</td><td style="text-align: right;">0,2 euros/Km.</td></tr></table> <p>(*) Máquinas convencionais</p> <p>En todos os casos, son importes sen o 12 % do IVE.</p> <p>Estimamos que sería vantaxoso para vostede subscribir un contrato de asistencia técnica que lle suporía un aforro anual moi importante.</p> <p>Pedímoslle ademais que, se lle resulta interesante a nosa proposta, nos remita a súa resposta nun prazo de <i>quinze días</i>.</p>	Man de obra.....	30 euros (*)	Computadores e máquinas programables.....	50 euros.	Mínimo facturable por intervención.....	15 euros. (1/2 h.)	Desprazamento (mínimo ½ h.).....	15 euros.	Quilómetros.....	0,2 euros/Km.
Man de obra.....	30 euros (*)										
Computadores e máquinas programables.....	50 euros.										
Mínimo facturable por intervención.....	15 euros. (1/2 h.)										
Desprazamento (mínimo ½ h.).....	15 euros.										
Quilómetros.....	0,2 euros/Km.										
Remate	<p>Sen outro particular, aproveitamos a ocasión para o saudar atentamente.</p> <p style="text-align: right;">Asdo.: Ramona Viera Vila Xefa do Servizo Técnico</p>										

### Características da linguaxe das cartas comerciais

Para elaborar unha carta comercial hai que ter en conta unha serie de principios importantes que se concretan na redacción clara, correcta e concisa, e no respecto da estrutura propia deste tipo de escritos.

- *Sinxeleza e naturalidade na expresión*: a claridade debe ser unha característica básica de calquera escrito. O destinatario debe ser tratado con respecto.
- *Coherencia lóxica*: débese adecuar o escrito ao seu uso; non nos expresaremos igual se solicitamos unha información que se reclamamos por un servizo que nos deixou insatisfeitos.
- *Coherencia gramatical*: hai que gardar coherencia entre os suxeitos e os seus verbos, entre os verbos e os seus complementos, etc.
- *Uso de fórmulas*: lembre que debemos usar unha serie de fórmulas para introducir os apartados, que funcionan como conectadores textuais. Estas son as máis frecuentes:
  - Para a introdución: *con motivo de..., co gallo de..., o obxectivo do presente escrito é..., diríxome a vostede...*
  - Para a exposición: *en primeiro lugar..., para comezar..., de entrada..., en segundo lugar..., polo que respecta a..., en relación con..., finalmente..., para acabar...*
  - Para a conclusión: *en conclusión..., en consecuencia..., como consecuencia disto...*

### Abreviaturas das cartas comerciais

Nas cartas comerciais é habitual utilizar abreviaturas. Deseguido ten unha listaxe das máis utilizadas:


▪ Administración: <i>adm., admón.</i>	▪ Bloque: <i>bl.</i>	▪ Ilustrísimo -a: <i>Ilmo., Ilma.</i>	▪ Rúa: <i>r/</i>
▪ Artigo: <i>art.</i>	▪ Cheque: <i>ch/</i>	▪ Importe: <i>imp.</i>	▪ Secretario, -a: <i>secret.</i>
▪ Asinado: <i>asdo.</i>	▪ Citado, -a: <i>cit.</i>	▪ Oficina: <i>of.</i>	▪ Sen data, sen día: <i>s.d.</i>
▪ Atenta, atento: <i>atta., atto.</i>	▪ Código postal: <i>C.P.</i>	▪ Patente: <i>pat.</i>	▪ Sen número: <i>s/n</i>
▪ Atentamente: <i>atte.</i>	▪ Comercio / comisión: <i>com.</i>	▪ Peso bruto: <i>p.b.</i>	▪ Servizo: <i>serv.</i>
▪ Auxiliar: <i>aux.</i>	▪ Compañía: <i>cía., comp.</i>	▪ Peso neto: <i>p.n.</i>	▪ Sociedade anónima: <i>SA</i>
▪ Avenida: <i>av., avda.</i>	▪ Confróntese: <i>cfr.</i>	▪ Por orde: <i>p.o.</i>	▪ Sociedade limitada: <i>SL</i>
▪ Conta corrente: <i>c/c</i>	▪ Director, directora: <i>dir., dir<sup>a</sup></i>	▪ Praza: <i>pr.</i>	▪ Talón: <i>t.</i>
▪ Corporación: <i>corp.</i>	▪ Distrito postal: <i>DP</i>	▪ Provincia: <i>prov.</i>	▪ Teléfono: <i>tel., teléf.</i>
▪ Departamento: <i>depto.</i>	▪ Don, dona: <i>D, D<sup>a</sup></i>	▪ Referencia: <i>ref.</i>	▪ Visto e prace: <i>V. E Pr.</i>
▪ Depósito legal: <i>D.L.</i>	▪ Efectivo: <i>efect.</i>	▪ Remitente: <i>Rte.</i>	▪ Vostede (s): <i>Vde., Vdes.</i>
▪ Desconto: <i>dto.</i>	▪ Factura: <i>fact.</i>	▪ Rógase contestación: <i>RC</i>	▪ Xiro, xiro postal: <i>x/, x. P.</i>

## Secuencia de actividades


- S5.** Imaxine que é o propietario dunha tenda de iluminación. Solicítelle información á empresa *Megaluz* sobre catálogos, tarifas e comisións de venda. Este é o enderezo comercial: Megaluz, S.A. Polígono da Peregrina, 100. 36003 Pontevedra.



- S6.** Vostede é responsable dun establecemento de confección e que ten que pedir mercadoría a unha fábrica téxtil. Elabore unha carta de pedido con estes pasos:
- Póñalle nome ao seu establecemento. Se quere tamén pode crear un logotipo.
  - Os datos da empresa téxtil á que lle ten que enviar a carta son os seguintes: *Industrias Llopart S.L.* Fábrica de téxtil. Pza. la Mercé, 20-22. 08020- Barcelona
  - Escriba a data correctamente.
  - No apartado de asunto deberá pór “pedido” e deseguido un número de referencia, que lle permitirá arquivar correctamente a carta.
  - A continuación, escriba o saúdo.
  - Pode facer unha breve introdución para indicar que vai solicitar un pedido. Lembre que no apartado “asunto” xa se especificou o motivo da carta, polo que esta parte debe ser breve.
  - Indique o número concreto de pezas que se piden e os modelos. Lembre que hai que especificar correctamente os detalles necesarios para evitar confusións.
  - Deseguido, indique claramente as condicións de pagamento, o prazo de entrega e a forma de envío, que previamente foron pactados coa empresa.
  - Por último, elabore o remate da carta. Utilice unha frase de despedida e asine.



- S7.** Imaxine que ten una fábrica de artigos de vidro e que lle ten que escribir unha carta de denegación de pedido á propietaria dun bazar, porque aínda non lle pagou un pedido anterior.
- Asegúrese de redactar con corrección todas as partes do escrito.
  - Na exposición, comprobe se redactou de xeito coidadoso e respectuoso as razóns polas que se ve na obriga de non enviar o pedido solicitado.
  - Teña en conta que quere que este bazar siga a ser bo cliente da súa empresa.





## Texto 3: Variedades geográficas de una lengua (aspectos teóricos)

Dentro de un territorio ocupado por una lengua pueden existir variedades de esa lengua que se hablan en zonas geográficas delimitadas: son las *variedades diatópicas* o *dialectos*.

Los dialectos están determinados por la historia del territorio. Son las realizaciones concretas que una lengua adopta en las distintas zonas geográficas. Estas variantes establecen normas de uso. Algunos de esos usos, válidos en una zona determinada, se interpretan como vulgares fuera de ésta.

El castellano en Andalucía y Murcia	El castellano en Aragón
<p><b>Zona</b></p>  <p>Área de habla castellana Andalucía</p>	<p><b>Zona</b></p>  <p>Área de habla castellana Aragón</p>
<p><b>Morfología</b></p> <ul style="list-style-type: none"><li>Se usa el pronombre personal <i>ustedes</i> en lugar de <i>vosotros</i>.</li></ul>	<p><b>Morfología</b></p> <ul style="list-style-type: none"><li>Diminutivos en <i>-ica</i>: <i>guapico</i>.</li><li>Formas verbales propias: <i>daron</i> (dieron), <i>supiendo</i> (sabiendo).</li></ul>
<p><b>Fonología</b></p> <ul style="list-style-type: none"><li>Seseo: el fonema /z/ se pronuncia [s].</li><li>Ceceo: el fonema /s/ se pronuncia [z].</li><li>La <i>-s</i> se aspira al final de sílaba y palabra.</li><li>La <i>-d-</i> entre vocales no se pronuncia.</li><li>La <i>ch</i> se pronuncia [sh].</li><li>La <i>-l</i> final de sílaba se pronuncia [r].</li></ul>	<p><b>Fonología</b></p> <ul style="list-style-type: none"><li>Las palabras esdrújulas se pronuncian como llanas: <i>pájaro</i>.</li><li>En la zona norte se conservan las consonantes latinas:<ul style="list-style-type: none"><li>Entre vocales: <i>ansa</i> (asa).</li><li>La <i>f</i> inicial: <i>fabá</i> (haba).</li></ul></li></ul>
<p><b>Vocabulario</b></p> <ul style="list-style-type: none"><li><i>Desaborido</i>: soso, sin gracia.</li><li><i>Estar novio con</i>: ser novio de.</li><li><i>Panocho</i>: habla de la huerta de Murcia.</li><li><i>Pipimana</i>: tipo de ensaladilla.</li></ul>	<p><b>Vocabulario</b></p> <ul style="list-style-type: none"><li><i>Axovar</i>: dote de la novia.</li><li><i>Badallar</i>: bostezar.</li><li><i>Caramulla</i>: lo que se sale de un recipiente.</li><li><i>Maño</i>: expresión de cariño entre personas.</li></ul>

## El castellano en las Islas Canarias

### Zona



### Morfología

- ◆ Se usa el pronombre *ustedes* en lugar de *vosotros*.
- ◆ Se emplea la combinación *más nunca, más nada*, en lugar de *nunca más, nada más*.

### Fonología

- ◆ Seseo: el fonema /z/ se pronuncia [s].
- ◆ Se aspira o se pierde la -s final de palabra (menos en la isla del Hierro).
- ◆ La *ch* se pronuncia [y].

### Vocabulario

- ◆ Palabras comunes al español de América:
  - ▶ *Guagua*: autobús.
  - ▶ *Zarandajo*: persona despreciable.
  - ▶ *Bemba*: boca de labios gruesos.

## El castellano en el centro peninsular

### Zona



### Morfología

- ◆ Leísmo: *Los libros les tengo en el armario.*
- ◆ Laísmo: *La di el libro a mi hermana.*
- ◆ Loísmo: *Lo di el libro a Juan.*

### Fonología

- ◆ La -d final de palabra se pronuncia [z].
- ◆ La -s final de sílaba se aspira o se pronuncia [j] en algunas zonas.
- ◆ La -d- desaparece en las palabras acabadas en -ada.

### Vocabulario

- ◆ *Bolo*: bobo, tonto (Toledo).
- ◆ *¡Vaya telares!*: ¡vaya lío! (León).
- ◆ *Alaja*: bonita, linda (Toledo).
- ◆ *Algaracear*: caer nieve fina (Guadalajara).

El castellano en Extremadura	El bable
<p><b>Zona</b></p>  <p><b>Morfología</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>◊ Diminutivos en <i>-ino/ -ina</i>: <i>casina</i></li> <li>◊ La construcción posesiva se forma así: &lt;artículo + posesivo + nombre&gt; <i>la + mi + hermana</i></li> </ul> <p><b>Fonología</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>◊ La <i>-s</i> se aspira al final de sílaba y palabra.</li> <li>◊ La <i>/l/</i> y la <i>y</i> se pronuncian como [sh].</li> </ul> <p><b>Vocabulario</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>◊ <i>Caer</i>: tirar. He <i>caído</i> el vaso con el codo.</li> <li>◊ <i>Quedar</i>: dejar. He <i>quedado</i> el bolso en casa.</li> <li>◊ <i>Castúo</i>: labrador que cultiva sus propias tierras.</li> </ul>	<p><b>Zona</b></p>  <p><b>Morfología</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>◊ Plural femenino en <i>-es</i>: <i>les cases</i></li> <li>◊ Diminutivos en <i>-ín/ -ina</i>: <i>nenín</i>.</li> </ul> <p><b>Fonología</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>◊ Las vocales finales se cierran: <i>bol<u>u</u></i>.</li> <li>◊ En la tercera persona de los verbos se pierde la <i>-e</i> final: <i>tien</i> (tiene).</li> <li>◊ La <i>-r</i> de los infinitivos desaparece cuando hay un pronombre detrás: <i>cog<u>e</u>lu</i> (cogerlo).</li> </ul> <p><b>Vocabulario</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>◊ <i>Carbayu</i>: roble.</li> <li>◊ <i>Llar</i>: fuego de la cocina.</li> <li>◊ <i>Mienta</i>: menta.</li> <li>◊ <i>Terrecer</i>: sentir terror.</li> </ul>

### Variedades del castellano en zonas bilingües de la Península

En las comunidades autónomas bilingües, el castellano ha adoptado realizaciones peculiares.

- **El catalán**: ha contagiado algunos de sus rasgos al castellano: la articulación palatal del fonema /l/:, la pronunciación fuerte de las consonantes al final de la palabra (verdad: *verdat*), o la preferencia por el uso del diminutivo *-ete*, *-eta*.
- **El valenciano**: ha trasladado el género en términos valencianos a sus homólogos castellanos: *la zapato*; o la distinción entre *b* (bilabial) y *v* (labiodental).
- **El gallego**: se deja sentir en rasgos como el cierre de las vocales átonas *e*, *o*; uso exclusivo de las formas verbales simples: *Estuve hoy allí* (por *He estado hoy allí*), *A las doce ya llegara* (por *A las doce ya había llegado*); o en la predilección por el diminutivo *-iño*, *-iña*.

- **El vasco:** ha influido históricamente en el castellano; pérdida de la *f-* inicial latina; la no distinción entre /b/ y /v/; cambios de orden sintáctico; alteraciones en el género de los sustantivos; uso de la conjunción *si* con el verbo en condicional: *si tendría el coche, te llevaría*.

Además de los dialectos hablados en España, se distinguen fuera de la península otros dos: ***el español de América y el judeo-español***.

### El español de América

Procede del que llevaron los conquistadores de ese continente en el momento del descubrimiento, a finales del siglo XV.

A pesar de que el castellano hablado en todos los países hispanoamericanos no es igual, hay una serie de rasgos bastante generalizados, muchos comunes a los del andaluz debido a que gran parte de los primeros colonizadores era de *origen andaluz*. Son estos: seseo, yeísmo, aspiración o pérdida de la *s* final, confusión de *r* y *l* al final de sílaba, voseo (uso de *vos* en lugar de *tú*), preferencia por el pretérito perfecto simple (*fui*) en vez del compuesto (*he ido*), abundancia de diminutivos (*ahorita, andandito*), etc.

En el *léxico*, junto a la influencia del *inglés*, se registran numerosos *arcaísmos* del castellano medieval, así como palabras pertenecientes a las lenguas *indígenas*, que se han extendido al castellano de la Península. Las lenguas indígenas han dejado también su huella en la entonación, tan distinta a la española.

### El judeo-español

Alrededor de medio millón de judíos que habitan en Israel conservan el *sefardí o judeo-español*, que es el castellano que se llevaron de España sus antepasados, al ser expulsados en el siglo XV.

Se trata de un español arcaico, que conserva muchas palabras consideradas anticuadas hoy en España, como *agora* (*ahora*), *amatar* (*apagar*), *camareta* (*habitación*), etc.

Algunos rasgos característicos del judeo-español son estos: seseo, ceceo, yeísmo, pérdida frecuente de la –ll– entre vocales: “*castío*” (*castillo*), “*amaría*” (*amarilla*), “*gaína*” (*gallina*), “*ái*” (*allí*); cambio de la *n-* inicial por la *m-*: “*mosotros*” (*nosotros*), “*muevo*” (*nuevo*), etc.

Los rasgos procedentes del portugués son también importantes como consecuencia de la estancia en Portugal, durante algún tiempo, de numerosos judíos, que, al ser expulsados de España se dirigieron a ese país en busca de refugio.

El *judeo-español* está extinguiéndose; su léxico primitivo se ha empobrecido notablemente pues su uso se reduce al ámbito familiar y los jóvenes casi no lo hablan.

## Secuencia de actividades

- S8. Analice en el siguiente texto los rasgos dialectales que aparecen. ¿A qué variante del español pertenecen?

"Después, en ese brusco cambiar de la infancia, como llevan unos zapatos y un vestido, y como sus madres, ellas sabrán cómo, les han dado algo de comer, se creen unos príncipes:

-*Mi pare tie un reló e plata.*

-*Y er mío una ejcopeta.*

-*Y er mío, un cabayo.*

Reloj que levantará a la madrugada, escopeta que no matará el hambre, caballo que llevará a la miseria".

Juan Ramón Jiménez, *Platero y yo*

- S9. Graben una canción cantada por una o un cantante andaluz y traten de reproducir por escrito las peculiaridades del castellano utilizado en ese caso. Recuerden que se producen tanto en el terreno de las vocales como en el de las consonantes.

- S10. El poema que figura a continuación está escrito en judeo-español. Léalo correctamente y señale las particularidades que lo diferencian del castellano estándar actual.

*Canción de boda*

Desilde a mi amor, si bien ama,  
que traiga la mula ande cabalga  
que yo no puedo ir a piedé,  
que yueve menudito y me mojaré.

✎

Manuel Alvar, *Textos hispánicos dialectales, Antología histórica II*, Revista de Filología Española, Anejo LXXIII

- S11.** Lea con entonación adecuada el siguiente fragmento de un poema de Benedetti. A continuación localice en él al menos dos rasgos característicos del *español de América*.

<p><i>Vas y venís</i></p> <p>De carrasco a aeroparque y viceversa vas y venís con libros y bufandas y encargos y propósitos y besos tenés gusto a paisito (1) en las mejillas y una fe contagiosa en el augurio (2) vas y venís como un péndulo cuerdo como un comisionista de esperanzas o como una azafata voluntaria tan habituada estás a los arribos (3) y a las partidas un poquito menos [...]</p> <p>✍</p> <p>Mario Benedetti. <i>Antología Poética</i>. Alianza Editorial. Madrid, 1998</p>	
--	--

- S12.** Distribuyan la clase en grupos. Cada grupo escribirá una carta a un organismo de una de las comunidades autónomas bilingües, solicitando información sobre las publicaciones periódicas y los medios de comunicación en la lengua propia de esa comunidad. Pidan datos acerca de su número de lectores y de sus porcentajes de audiencia, comparados con las publicaciones y medios en castellano, así como otros referidos al contenido de la programación o de la información de dichos medios.
- S13.** Elaboren un informe con los datos obtenidos. Posteriormente, un portavoz de cada grupo expondrá brevemente las conclusiones y, finalmente, se realizará una puesta en común.



## Texto 4: A solicitude e a instancia (aspectos teóricos)

A solicitude é un documento administrativo que se emprega para facer chegar unha petición formal ao responsable dunha institución ou dun organismo público ou privado. Aquí estriba a diferenza coa instancia, que é un modelo de solicitude dirixido sempre a un organismo público, é dicir, á Administración. De todos os modos, cando a solicitude se presente nun organismo público, pódese chamar, tamén, instancia.

Existen diversas entidades, privadas ou públicas, que conceden axudas económicas aos estudantes que cumpren certos requisitos. Para optar a algunha destas axudas hai que cubrir correctamente un impreso de solicitude. Tamén hai impresos para solicitar unha entrevista, un curso, un servizo... estes impresos tamén son solicitudes.


Modelo de solicitude	Exemplo de instancia
D/Dª..... con DNI nº.....  <b>EXPÓN:</b> Que..... ..... Que..... .....  De acordo co anterior,  <b>SOLICITA:</b> ..... .....  A esta solicitude achéganselle os seguintes documentos: 1 ..... 2 ..... 3 ..... 4 .....  Para os efectos de notificación, sinalase como medio preferente..... e como lugar.....  ..... de ..... de .....  Sinatura  PERSOA OU ÓRGANO A QUEN SE DIRIXE A SOLICITUDE	D.ª María López Carballo, natural da Pobra de Trives, provincia de Ourense, con domicilio en Ordes, rúa das Pereiras nº 3, teléfono 000 000 000 e con DNI nº 30000000,  <b>EXPÓN:</b>  Que ten ao seu coidado dúas persoas maiores sen autonomía para atender as súas necesidades básicas e que, debido a que traballa fóra da casa en horario de mañá, non as pode coidar convenientemente.  <b>POR TODO ISTO SOLICITA:</b>  Que o servizo de Asistencia Social do concello lle envíe unha persoa en horario de mañá para poder axudar no coidado destas persoas.  Ordes, 14 de marzo de 2008  SR. ALCALDE DO CONCELLO DE ORDES

## Secuencia de actividades

- S14.** Elabore unha solicitude dirixida ao responsable do seu centro de estudos na que lle pida unha convocatoria extraordinaria por non poder presentarse ás probas de avaliación o día sinalado.

A large, empty rectangular box with a thin orange border, intended for the student to write their response to activity S14.

- S15.** Elabore unha solicitude na que expoña o seu interese por ser incluído ou incluída nun curso de electricidade organizado pola empresa na que traballa.


A large, empty rectangular box with a thin orange border, intended for the student to write their response to activity S15.



## Texto 5: La literatura romántica (aspectos teóricos)

En la primera mitad del siglo XIX se desarrolla en toda Europa un movimiento cultural artístico y literario: el Romanticismo.


